



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se procede a adxudicar provisionalmente o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en comisión de servizos, postos de escolarización ao alumnado de atención preferente

Mediante Resolución do 10 de xuño de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos convócase o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en comisión de servizos, postos de escolarización ao alumnado de atención preferente.

O artigo sexto, sobre resolución provisional do concurso, establece que, logo de realizada a valoración dos méritos, publicarase no portal de internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <http://www.edu.xunta.gal> a resolución provisional do concurso de méritos específico xunto coa adxudicación das prazas, o baremo, a relación de persoas excluídas e a causa da súa exclusión.

Na súa virtude esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Publicar no anexo I a adxudicación provisional das prazas obtidas no concurso de méritos específico convocado pola Orde do 10 de xuño de 2021.

Segundo. Publicar no anexo II o baremo provisional das persoas participantes no concurso de méritos específico agás o das persoas excluídas provisionalmente deste que se publican no anexo III xunto coas causas de exclusión.

Terceiro. As persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas no prazo de 3 días hábiles desde o seguinte o da publicación desta resolución no portal de internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <http://www.edu.xunta.gal>.

Así mesmo, poderán formular no mesmo prazo renuncia á participación no concurso de méritos específico que implicará a renuncia a todas as peticións formuladas neste.

Cuarto. As reclamacións e renuncias poderán presentarse polos medios aos que alude o artigo cuarto da orde de convocatoria do concurso e remitiranse ademais ao correo electrónico persoal.primaria@edu.xunta.gal dentro do prazo establecido.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

